



:: INICIATIVA


UAAA e Fademur fomentarán o emprendemento feminino sostible a través de cursos formativos e asesoramento para constituír firmas 'verdes' relacionadas co ecoturismo ou co agro ecolóxico. O obxectivo: mellorar as condicións de vida das donas e evitar o despoboamento

Medio e muller para revitalizar o rural

R. FERNÁNDEZ
SANTIAGO

Mellorar as condicións de vida das mulleres que viven no rural e facilitar a súa incorporación ó mercado laboral ó tempo que se coida do medio e se evita o despoboamento do agro. Este é o gran obxectivo que persegue o proxecto Muller, medio ambiente e desenvolvemento rural en Galicia. Ecomudes, promovido por Unións Agrarias (UAAA) e a Federación de Mulleres Rurais de Galicia (Fademur), que fomentará o emprendemento feminino sostible a través de firmas 'verdes' ligadas ó medio rural. Baseado nun programa formativo e de asesoramento, tanto físico como virtual a través da rede, as traballadoras adquirirán unha capacitación teórica e práctica en sectores empresariais emerxentes relacionados co medio como o ecoturismo, o agro ecolóxico, as enerxías renovables ou a xestión forestal sostible.

"Galicia é a comunidade na que menos actividades relacionadas co medio se dan no rural", asegurou onte a directora do proxecto, Paula Conte, de aí o enorme potencial co que conta esta iniciativa. De feito, Conte destacou que son moitas as mulleres que realizan no cotián traballos que poden constituírse en empresa como a elaboración e transformación de produtos ecolóxicos. A creación de centros de interpretación da natureza, empresas relacionadas coa xestión e o tratamento de residuos ou de valoración de residuos orgánicos ou de tratamento de plásticos, pneumáticos e envases son algunhas das liñas que



Ana Castro, Paula Conte e Carmen Rodríguez, pola esquerda, na presentación do proxecto Ecomudes

O DATO

Apoio ás titulares de explotacións

A parte de impulsar a creación de novas empresas, o proxecto posto en marcha por Unións Agrarias e Fademur prevé, ademais, asesorar ás titulares de explotacións agro-gandeiras e forestais para que melloren os seus "comportamentos ambientais", mellorando a xestión dos residuos ou promulgando a instalación das renovables.

serán presentadas nesta iniciativa que ten unha duración de doce meses. Incluído no programa 'Emplea-verde' da Fundación Biodiversidad do Ministerio de Medio Ambiente, este proxecto conta cun orzamento de 240.000 euros, un 10% achegado por Fademur, está dirixido a unhas 2.000 mulleres traballadoras, por conta propia ou allea, e ten como obxectivo crear polo menos unhas dez empresas.

O programa contará con cursos de formación 'on line' e mixtos, cunha parte presencial e outra virtual, que terán unha parte práctica con xornadas en explotacións ou

empresas privadas, tal e como explicou a técnica do proxecto, Ana Castro. Para favorecer o intercambio de información e experiencias, o proxecto contará coa rede Ecomudes, coa que se pretende potenciar as novas tecnoloxías para reducir o illamento das mulleres rurais e fomentar novas canles de comercialización das micropemes que se constituían. No caso das zonas nas que non exista posibilidade de conexión a internet, Fademur pon á disposición da emprendedoras os locais e equipamentos das 37 oficinas das que dispón Unións Agrarias nas catro provincias galegas. Así, unha

das primeiras actividades enmarcadas no proxecto Ecomudes serán unhas xornadas que se iniciarán o día 14 de novembro en Lalín (Pontevedra), nas que se presentará esta iniciativa que Castro definiu como un "espazo virtual" para o intercambio de información e experiencias entre emprendedoras do ámbito rural. Para completar as activi-

A formación será mixta ou on-line, con prácticas en empresas

dades de posta en común, o proxecto contempla a celebración dun congreso no que participarán mulleres rurais de toda Europa e no que se porán sobre a mesa as dificultades que sofren as donas do rural, ó tempo que se presentarán as iniciativas ambientais existentes nos distintos países e as diferentes estratexias para afrontarlas.

"Trátase de poñer en valor e darlle visibilidade ó traballo das mulleres do rural", asegurou a presidenta de Fademur, Carmen Rodríguez, quen recordou a sobrecarga de funcións que asumen estas donas como os labores domésticos e nas explotacións ou empresas familiares, que compaxinan co coidado de nenos, maiores dependentes. Conformada por unhas sesenta asociacións e con máis de 4.000 socias, Fademur asumirá as funcións de difusión e publicidade do proxecto para que chegue ó maior número de mulleres posibles e dar un paso máis no seu obxectivo primordial: conseguir a igualdade para as mulleres que viven e traballan no medio rural galego. ●